



**ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE DÚAS PRAZAS DE
OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO
EMPREGO (APROL RURAL) EXP. TR351G 2023/52-1. EXP. GESTIONA: 896/2023**

Na Casa do Concello de Porto do Son, do día 29 de maio de 2023, reúnese o tribunal designado para a selección das prazas, composto do seguinte xeito:

- Presidente: José Manuel Segade Santos.
- Vogais:
 - José Antonio Maneiro Maneiro.
 - Antonio José Ageitos Rodríguez.
 - Mario Rodríguez Vila.
- Secretario: Manuel José Abeijón Blanco.

1º. O obxecto da sesión é proceder á realización da fase de oposición, coñecemento da lingua galega e realización da valoración do concurso de méritos e puntuación final do proceso selectivo, o tribunal por unanimidade dos seus membros acorda:

1.- Realización dunha proba teórico-práctica, nun tempo máximo de 15 minutos, que consistira en avaliar as seguintes capacidades directamente relacionadas co obxecto do posto (a puntuación máxima será de 10 puntos, outorgándose un máximo de 2 puntos en cada apartado):

- manexo da maquinaria e ferramentas coas que se desenvolvera o traballo.
- as aptitudes profesionais.
- utilización das medidas de protección.
- o tempo utilizado no desenvolvemento do traballo.

Responder a 2 preguntas teóricas sobre o seguinte temario:

- Partes da maquinaria coas que desenvolverá o traballo: desbrozadora, motoserra e xerador, así como as medidas para o seu coidado.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

2.- Coñecemento da lingua galega

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdose ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 1, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.



Outorgar as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	PROBA PRÁCTIC.	LINGUA GALEGA	PUNTUA. FINAL
Calo Pouso José Antonio	7	exento	7
Triñanes Romero Antía	6	exento	6

Puntuación final e bolsa de emprego.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de formación da bolsa de emprego e lista de reserva de contratación, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de que podan ser contratadas. Os candidatos seleccionados serán os que obteñan maior puntuación. En caso de empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación na proba práctica, de persistir o empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación no concurso de méritos, de persistir o empate realizarse un sorteo entre os candidatos que obtiveron igual puntuación.

Propoñer para a formación da bolsa de emprego e lista de reserva de contratación aos seguintes candidatos: CALO POUSO JOSÉ ANTONIO, TRIÑANES ROMERO ANTÍA.

A acta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Porto do Son na que aparecerá o listado coas puntuacións por orde decrecente, acadadas por cada unha das persoas aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación.

O Presidente

Os vogais